

ORIENTACIÓN EDUCATIVA: estamos asistindo ao seu desmantelamento?

Nestes dous últimos cursos estamos asistindo a un desmantelamento da Rede de Orientación Educativa de Galicia (ROEGAL) publicada no curso 2009-2010 onde se recollía que “os Departamentos de Orientación dos centros de Educación Secundaria deixan de ter centros adscritos”, xa que se están adscribindo CEIPs aos Departamentos de Orientación dos IES unha vez comezado o curso e elaborados os horarios, coas dificultades que iso conleva á hora de elaborar unha programación axeitada e unha planificación do curso.

Estes cambios provocan que dependa da boa vontade dos Equipos Directivos facilitar a coordinación cos equipos de ciclo, a asistencia a Claustros, Consellos Escolares, CCP, Comisión de Convivencia, sesións de avaliación,... que coincidan nas mesmas datas; facendo que o labor da orientación quede reducida á avaliación psicopedagóxica do alumnado e se deixen relegadas a un segundo plano, ou desaparezan, tarefas tan importantes como:

- Deseño de accións encamiñadas á prevención das dificultades
- Impulsar a participación do profesorado en programas de innovación educativa
- Promover a cooperación centro – familias
- Favorecer o proceso orientación vocacional e as transicións nas diferentes etapas e itinerarios educativos

O papel que se asigna á orientación é imprescindible para que funcionen determinados programas como a Diversificación Curricular, PCPI, PROA, e resulta paradoxal que, por un lado se lle encomenden cada vez máis funcións, e por outro se escatime en persoal e non se recoñeza explicitamente o seu labor.

O STEG denuncia tamén que a Consellería mantén sen cubrir dúas prazas, en cada unha das catro provincias, nos Equipos de Orientación Específicos que brindan apoio especializado aos Departamentos de Orientación, así como a situación de provisionalidade dos orientadores en CEIPs onde as prazas estanse a cubrir curso a curso con provisionais e non con persoal definitivo, o que daría estabilidade e continuidade ao traballo de orientación. Na mesma liña, no CTE de Orientación, próximo a saír, non saen como vacantes, nen como resultas, todas as prazas dos centros de primaria de doce, ou máis, unidades....POR QUÉ?

Estes feitos fan imposible un futuro da orientación con prioridade ás intervencións sistémicas e preventivas e a formación do profesorado e das familias para que se incida na maior parte do alumnado.

Secretariado Nacional do STEG
outubro de 2013